

Chus Pato

\*\*

*(...) "as sibilas somos Xeografía  
sostemos contacto visual cunha fonte de luz  
ou calor  
á que non podemos achegarnos  
esa distancia é a nosa visión  
que traducimos  
pentecostalmente  
a calquera tipo de voz ou alfabeto*

*as sibilas os pámpanos o negro bubón da peste  
e os acios e os anxos e os ouros  
somos pel que cobre a dureza da pedra  
somos barrocas e polícromas  
e algunhas abrigamos a cabeza co tocado das fadas  
por esa pel respiran as quimeras  
e os ouros son abstractos  
coma un eco"*

na cara sur da Ponte  
os cirros  
trazan unha malla mesta no seu voar  
excédena

tal o natal alza o seu ollo

non é doméstico

tampouco o meu camiñar  
onde non hai máis ca granito e auga e area

salvaxe é que a humanidade diga as palabras  
salvaxe é a atención coa que tu escoitas

a liña  
fronte a que, sen esperanza, mantés os ollos pechos  
falla  
non caes do lado das tebras

que o comprendas